

---

**PROGRAMACIÓN  
DE AULA  
CEIP CAMPOMAIOR  
GRUPO 6º E. I.  
CURSO 2021-2022**

---



## ÍNDICE

### 1.-CONTEXTUALIZACIÓN DA AULA

### 2.-OBXECTIVOS

- A) Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal
- B) Coñecemento do contorno
- C) Linguaxes: comunicación e representación

### 3.-CONTIDOS

- A) Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal
- B) Coñecemento do contorno
- C) Linguaxes: comunicación e representación

### 4.-METODOLOXÍA

- A) Os proxectos
- B) Os recunchos
- C) O espazo
- D) Agrupamentos
- E) Planificación temporal

### 5.-ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

### 6.-CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS DE EDUCACIÓN INFANTIL AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

### 7.-RECURSOS

- A) Recursos humanos
- B) Recursos materiais



## 8.-AVALIACIÓN

- A) Criterios de avaliación
- B) Avaliación do proceso de ensino
- C) Procedementos e instrumentos de avaliación

## 9.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## 10.-RELACIÓN COAS FAMILIAS E O CONTORNO



## 1.- CONTEXTUALIZACIÓN DA AULA

A seguinte programación está pensada para os grupos do 3º nivel do 2º ciclo de Educación Infantil do CEIP Campomaior.

O centro está composto por doce unidades de Educación Primaria e seis unidades de Educación Infantil.

Existen no Centro graves problemas de espazo, máis evidentes no presente curso escolar por mor da COVID 19.

No Centro hai profesorado especialista en Lingua Inglesa, Educación Física, Relixión Católica, Expresión Musical, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. No grupo interveñen o especialista en Lingua Inglesa e a de Relixión Católica; a Psicomotricidade e a Música son impartidas polas mestras de apoio á Educación Infantil.

Os grupos están composto por 22 alumnos/as en ambas aulas de 6º de Infantil. O número de alumnos por aula resulta excesivo, especialmente nesta etapa educativa e nas condicións sanitarias actuais.

A programación que a continuación se presenta pretende respectar os diferentes ritmos madurativos dos nenos e nenas, aínda estando deseñada nunhas condicións educativas e sanitarias complexas, polo que os obxectivos, contidos e actividades que a continuación se propoñen poderán sufrir variacións importantes determinadas pola evolución do grupo e da pandemia.

## 2.- OBXECTIVOS

### A) ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Progresar na interiorización do propio esquema corporal a través da exploración do propio corpo e da toma de conciencia das súas posibilidades e limitacións.
- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e funcións.



- Acadar maior autonomía persoal nas actividades habituais en contornos cotiás.
- Recoñecer as percepcións sensoriais (internas e externas) e valoralas como vehículo de coñecemento e interacción co mundo que o rodea.
- Descubrir as posibilidades de acción e expresión do propio corpo, amosando progresivamente maior control e precisión nos xestos e movementos e gozando das súas posibilidades expresivas.
- Progresar na coordinación e no desenvolvemento das habilidades motrices finas e grosas.
- Tomar conciencia das situacións de risco e desenvolver estratexias para usar responsablemente instrumentos e instalacións e previr accidentes.
- Observar e recoñecer os cambios físicos nas persoas ao longo do tempo.
- Gozar co xogo como medio de interacción con outras persoas e de creación de vínculos afectivos.
- Tomar conciencia dos propios sentimentos e emocións e desenvolver a capacidade de comunicalos aos demais.
- Desenvolver sentimentos de autoestima positiva e de confianza nas súas capacidades.
- Recoñecer sentimentos e emocións noutras persoas e aprender a respectalos.
- Aceptar as pequenas frustracións e manifestar unha actitude positiva encamiñada a superar as dificultades sendo capaz de solicitar e aceptar a axuda dos demais.

## **B) ÁREA DO COÑECEMENTO DO CONTORNO**

- Recoñecer a presenza dos números na vida cotiá e o seu uso e funcións.
- Progresar na adquisición e emprego de habilidades matemáticas a través de situacións reais: contar, facer estimacións, levar a cabo



unha repartición, empregar instrumentos de medida naturais e convencionais...

- Adquirir progresivamente a noción do paso do tempo, a través da observación de fenómenos naturais e da realización das tarefas habituais; e coñecer algúns instrumentos sociais de medida do paso do tempo.
- Interiorizar nocións de relación espacial: localización, posición, dirección e distancia respecto a persoas, obxectos e lugares e empregar vocabulario topolóxico elemental.
- Recoñecer atributos e propiedades dos obxectos a través da súa observación e manipulación e realizar operacións con eles atendendo a un ou varios criterios (agrupamentos, clasificación, ordenación e cuantificación).
- Progresar na vivencia, representación e interpretación do espazo empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas...
- Recoñecer as características e funcións vitais dos seres vivos observando o seu desenvolvemento, identificando as súas necesidades, seguindo os procesos de crecemento...
- Amosar curiosidade, respecto e coidado cara os elementos do medio natural.
- Desenvolver habilidades relacionadas co método científico (observación, formulación de hipóteses, comprobación dos resultados...) na resolución de situacións producidas na vida diaria ou no entorno inmediato.
- Participar con interese e curiosidade en proxectos de coñecemento do medio natural.
- Identificar a familia e a escola como primeiros grupos sociais de pertenza e establecer relacións de confianza, afecto e colaboración, baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da súa sociedade.
- Relacionarse con outras persoas e desenvolver pautas de comportamento social: cooperación, resolución pacífica de conflitos, axuda mutua...



- Coñecer e apreciar algúns elementos significativos da tradición e da cultura galega.

### C) ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Progresar no dominio da lingua oral, empregando as dúas linguas oficiais en Galicia, para expresar e comunicar ideas e sentimentos de forma clara e precisa.
- Comprender que os diversos símbolos e signos convencionais poden representar pensamentos, experiencias, coñecementos e intencións das persoas.
- Aumentar progresivamente a bagaxe léxico e progresar na estruturación das frases.
- Respetar os momentos de intervención doutras persoas, agardando a quenda e escoitando con atención.
- Empregar fórmulas sociais de cortesía e incorporalas aos seus hábitos de relación coas demais persoas.
- Recoñecer a lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Iniciarse no uso da lingua escrita en situacións reais que requiran o seu emprego.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- Comprender, reproducir, reescribir (tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita) e recrear textos.
- Escoitar con atención nas situacións de lectura en voz alta de diversos tipos de texto.
- Valorar a lingua escrita como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida.
- Dramatizar textos literarios, empregando diversas formas de expresión.
- Apreciar a beleza dos textos escritos de carácter literario e amosar interese por memorizar ou recitar.



- Entender mensaxes adecuados á idade e desenvolvemento cognitivo do alumnado.
- Potenciar a capacidade creativa a través das distintas linguaxes para expresar sentimentos, experiencias, ideas... desenvolvendo o sentimento de satisfacción e autoconfianza.
- Experimentar con diversos elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, forma, cor, textura, espazo e volume).
- Explorar as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes e das distintas técnicas e empregalas como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, vivencias, emocións, fantasías...
- Coñecer manifestacións musicais de distintos estilos, épocas e culturas, desenvolvendo unha audición atenta e comprensiva.
- Participar de forma activa e con gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas.
- Valorar a utilidade dos recursos e instrumentos tecnolóxicos como fontes de información, de comunicación, de expresión e de estratexias de exploración e investigación.
- Achegarse ao manexo de instrumentos tecnolóxicos como recurso para a actividade cotiá.

### 3.- CONTIDOS

#### A) ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

##### *BLOQUE 1: O CORPO E A PROPIA IMAXE*

- Regulación e control das necesidades corporais básicas en situacións habituais e ocasionais.
- Identificación e diferenciación das distintas partes do corpo e segmentos corporais.
- Identificación e constatación das sensacións e percepcións da realidade exterior e dos sentidos polas que son captados.



- Construción do esquema corporal a partir da vivencia do corpo, das sensacións e percepcións que percibe en relación e interacción coas persoas, o medio e os obxectos.
- Manifestación, con confianza e seguridade, de vivencias, intereses e preferencias.
- Regulación e control, progresivamente autónomos, de sentimentos e emocións.
- Percepción dos cambios físicos propios e a súa relación co paso do tempo.
- Valoración positiva dun mesmo, das propias capacidades e posibilidades.
- Aceptación das diferenzas e características dos demais.
- Coñecemento dalgúns elementos identificadores propios: nome, dirección, familia de pertenza...
- Sentimento de pertenza a distintos grupos sociais: familia, clase, escola.

## *BLOQUE 2: XOGO E MOVEMENTO*

- Experimentación das posibilidades e limitacións do propio corpo e control progresivo en situacións, tarefas, actividades e xogos da súa vida cotiá.
- Adaptación do propio ritmo ás necesidades de acción, xogo, movemento... de outros nenos e adultos.
- Coordinación e control do movemento do corpo e de cada unha das súas partes de forma harmónica e precisa.
- Adquisición de habilidades motrices novas: xogar ao balón, saltos, desprazarse cara atrás...
- Utilización correcta de pequenos aparatos e obxectos: tesoiras, punzóns, pinceis, lapis, agullas, pinzas...
- Afianzamento progresivo da propia lateralidade exercitándoa libremente en variadas situacións.
- Desenvolvemento dunha actitude de interese pola actividade física e a precisión dos movementos.
- Iniciativa pola aprendizaxe de habilidades novas.



- Valoración progresivamente axustada das propias capacidades e aceptación das limitacións.
- Actitude de axuda e cooperación cos outros nenos, cando se atopan en dificultades.
- Aceptación das regras que rexen os xogos e axuste a certas normas.

### *BLOQUE 3: ACTIVIDADE COTIÁ*

- Coordinación, cooperación e colaboración cos iguais.
- Percepción das pautas de comportamento e normas básicas nos contextos familiares.
- Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias.
- Actitude de afecto e colaboración cara os membros do seu grupo familiar, escolar, grupo de iguais...
- Participación no establecemento dalgunhas normas e regras que regulen a vida social da aula.
- Utilización do diálogo como forma de resolver conflitos entre iguais.
- Participación na resolución de conflitos que se presenten na aula ou no centro: posesión de obxectos, agresións, distribución dos papeis nos xogos...
- Actitude de colaboración e solidariedade descentrándose do propio punto de vista, tendo en conta o dos demais, e coordinando os seus propios intereses con outros nenos e nenas

### *BLOQUE 4: COIDADO PERSOAL E SAÚDE*

- Desenvolvemento da autonomía no coidado e limpeza persoais en distintas situacións e momentos do día.
- Conservación e coidado do contorno no que se desenvolven as actividades da vida cotiá.
- Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a



hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso.

- Aceptación das normas de comportamento establecidas para os momentos de comida, desprazamentos, saídas, descanso e hixiene.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran.
- Adopción dalgunhas normas básicas de seguridade viaria nos desprazamentos como peóns e como viaxeiros en distintos medios de transporte.

## B) ÁREA DO COÑECEMENTO DO CONTORNO

### *BLOQUE 1. MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA*

- Exploración de obxectos a través de accións: rodar, apertar, deixar caer, quentar, soprar, tirar, mover, arrefriar, enroscar, desenroscar, encaixar...
- Producción de reaccións, cambios e transformacións nos obxectos actuando sobre eles, observando e verbalizando os resultados.
- Exploración das calidades de diferentes materiais: ductilidade, plasticidade, fluidez, dureza, permeabilidade...
- Agrupación de obxectos en coleccións atendendo a atributos sensoriais.
- Identificación do atributo que define unha colección.
- Iniciación no uso de instrumentos de medida do tempo.
- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do contorno.
- Recoñecemento do uso do número da vida diaria e inicio no rexistro de cantidades.
- Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas.
- Resolución de situacións problemáticas que impliquen operacións sinxelas (engadir, quitar), verbalizando a transformación efectuada.

## *BLOQUE 2. ACHEGAMENTO Á NATUREZA*

- Observación das características e costumes dalgúns animais do entorno: alimentación, reprodución, desprazamento...
- Observación e seguimento do ciclo vital dalgunha planta e dalgún animal e establecemento de relacións co paso do tempo.
- Interese por coñecer as características e funcións dos seres vivos.
- Descubrimento das diferentes formas en que se encontra a auga na natureza, comprendendo a súa contribución ao desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade da súa conservación e de facer un uso responsable dela.
- Contribución á consecución e mantemento de ambientes limpos, saudables e non contaminados.
- Respecto e coidado polos elementos do entorno natural e valoración da súa importancia para a vida humana.
- Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.

## *BLOQUE 3. CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE*

- Percepción de que hai diversos tipos de estrutura familiar e funcións e ocupacións dos principais membros da familia; valoración das relacións de igualdade entre eles.
- Coñecemento dos membros do centro, compañeiros, educadores, persoal non docente, así como algunhas das súas funcións e ocupacións.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola.
- Coñecemento dalgunhas pautas de comportamento e normas básicas de convivencia.
- Interese e disposición favorable para iniciar relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.
- Achegamento á cultura tradicional galega.



- Coñecemento e respecto das normas elementais de seguridade viaria como peón e viaxeiro.
- Percepción das formas do tempo: días da semana, onte-hoxe-mañá, días festivos, estacións...

## C) ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

### BLOQUE 1. LINGUAXE VERBAL

#### *Escoitar, falar e conversar*

- Utilización da linguaxe oral como medio de comunicación cos outros: con diferentes interlocutores, en diferentes contextos, con distinto contido e intencións.
- Produción de mensaxes orais referidos a necesidades, emocións, desexos, intencións, informacións, propostas, opinións.
- Evocación e relato de feitos, situacións, acontecementos, contos, historias, debidamente ordenados no tempo.
- Utilización das normas que rexen o intercambio lingüístico; uso do diálogo e participación en conversas colectivas como forma de interactuar cos outros.
- Utilización axeitada das formas socialmente establecidas para saudar, despedirse, solicitar.
- Comprensión e reprodución oral dalgúns textos tradicionais: arrollos, ditos, lendas...
- Interese por expresar opinións, defender ideas e coordinar o seu punto de vista co dos outros.

#### *Aproximación á lingua escrita*

- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión.
- Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.
- Identificación de palabras e frases moi significativas e usuais.

- Iniciación ao coñecemento do código escrito a través de palabras e frases significativas empregadas en contextos funcionais.
- Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

### *Achegamento á literatura*

- escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro...; tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida.
- Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Participación creativa en xogos lingüísticos –encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas...-acompañados de respostas corporais –xestos, movementos, ritmos...- para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.
- Introducción ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

### *BLOQUE 2. LINGUAXES ARTÍSTICAS: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL*

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica –líña, forma, cor, textura, espazo e volume.
- Producción de elaboracións plásticas para expresar feitos, vivencias, emocións e desexos.
- Exploración e utilización de materiais específicos e doutros que non o son para a produción plástica.
- Gozo coas propias elaboracións plásticas e coas dos outros.
- Exploración das propiedades sonoras do corpo, de obxectos e de instrumentos musicais.



- Discriminación de sons segundo a súa procedencia e natureza.
- Improvisación de ritmos e sons con instrumentos musicais.
- Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas; participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais

### *BLOQUE 3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN*

- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
- Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

## **4.- METODOLOXÍA**

Con respecto á metodoloxía contemplamos 3 escenarios completamente diferentes: ensino presencial e ensino semipresencial e ensino non presencial.

- No caso do **ENSINO PRESENCIAL** nas aulas de 5 anos traballarase por proxectos.

### **A) OS PROXECTOS**

O traballo por proxectos basearase nos seguintes obxectivos:

- Favorecer nos nenos e nenas o desenvolvemento dunha personalidade autónoma, participativa e creativa, capaz de disfrutar, de elixir e de tomar decisións.
- Facer aos alumnos e alumnas protagonistas do proceso de aprendizaxe, facilitando a participación de todos na elección e realización de actividades, na toma de decisións na aula, etc.
- Posibilitar a exploración e comprensión do mundo que lles rodea, accionando sobre os obxectos e espazos.
- Facilitar ao alumnado medios para desenvolver a comunicación a través de diferentes tipos de linguaxe.



- Estimular a capacidade de observación en xeral, posibilitando que expresen os seus sentimentos e pensamentos a través das súas manifestacións e producións artísticas.

O proceso a seguir para preparar os proxectos constará dos pasos seguintes:

- Selección do proxecto.
- Valoración de coñecementos previos sobre o tema
- Determinación de obxectivos que expresen as metas máis importantes a acadar.
- Selección e organización de contidos.
- Programación de actividades.
- Elaboración dun listado de recursos educativos relacionados co tema a tratar.
- Ambientación da aula en función do proxecto elexido.
- Temporalización aproximada.
- Distribución das actividades no horario semanal.
- Participación das familias.
- Interactuación co resto do profesorado que incide na aula para incluír nas súas clases, sempre que sexa posible, actividades sobre o proxecto.
- En caso necesario, adaptación do proxecto a alumnos e alumnas que presenten algunha dificultade, en colaboración do Departamento de Orientación.

O traballo por proxectos obriga a ir completando a programación de aula ao longo do curso, pola imposibilidade de determinar dende un principio os intereses e temas que poden xurdir.

## B) OS RECUNCHOS

Parte do traballo de aula está organizado en recunchos. Con esta organización preténdese que o alumnado acade os obxectivos seguintes:

- As posibilidades de actividade e xogo que cada un deles implica.





- Manipular e empregar axeitadamente o material do que dispón en cada recuncho, ordenando este como corresponda despois de utilizalo.
- Organizarse cos seus compañeiros e compañeiras nos xogos, sen actitudes de sumisión nin dominio, respectando os gustos e as opinións dos outros.

Habitualmente funcionarán nas aulas os catro recunchos que a continuación se citan:

- Recuncho dos puzzles e xogos de lóxica-matemática
- Recuncho de plástica
- Recuncho do xogo simbólico
- Recuncho das construción

Sin embargo, en función do proxecto que se esté a traballar, ó longo do curso pódense engadir outros recunchos ou substituír algún dos xa existentes.

### **O xogo:**

Será fundamental ter en conta que os xogos poden servir como instrumento educativo e tamén de observación das peculiaridades de cada alumno e alumna: estilos de aprendizaxe, dificultades, actitude ante os erros, aceptación de regras... coa novidade de que este curso, pola situación sanitaria, evitaremos a interacción directa cos compañeiros e compañeiras e propoñeremos xogos onde prime a estaticidade fronte ó movemento (tan importante nestas idades).

O xogo simbólico permitirá ao alumnado reproducir e imaxinar escenas ou situacións da vida real. A simulación da realidade posibilitará que o neno ou nena vaia coñecendo, aceptando ou provocando novas maneiras de relacionarse, de enfrentarse aos conflitos e de situarse no contexto social e relacional. Por todo isto, utilizaremos o xogo como recurso motivador e instrumento educativo na práctica diaria.

### **C) O ESPAZO**

Tendo en conta o elevado número de nenos/as e ás reducidas dimensións do espazo do que dispoñemos, un aspecto preocupante nas condicións sanitarias actuais, a distribución da aula sufriu un cambio importante respecto a cursos anteriores, modificamos aspectos de vital importancia para unha aula de educación infantil, tales como o espazo para a assemblea e/ou os recunchos.

As sesións de Relixión Católica e Música levaráanse a cabo na aula e as de Psicomotricidade no ximnasio.

### **D) AGRUPAMENTOS**

Na aula organizaráanse todo tipo de actividades que esixirán según a súa natureza diferentes formas de agrupamento. As fundamentais serán as que se mencionan a continuación.

- Gran grupo. Este agrupamento destinaráse a planificar e tomar decisións para a aula, presentación de información e material, relato de experiencias, lectura e escoita dalgúns textos, explicacións, rutinas de aula, debates.
- Equipos de traballo nas mesas. O alumnado estará dividido en equipos de traballo, integrado cada un deles por un máximo de 5 nenos/as, respectando o Protocolo Covid. Os equipos serán o máis heteroxéneos posible e cambiaráanse ao inicio de cada trimestre, salvo que por necesidades debidamente xustificadas, sexa preciso facelo antes, para favorecer as relacións entre compañeiros e compañeiras.
- Actividade individual. Destínase a promover as estratexias de planificación, así como a responsabilidade e a autonomía.

### **E) PLANIFICACIÓN TEMPORAL**

No momento de facer a planificación temporal, procuraráse manter unha rutina de actividades estables, aínda que o suficientemente flexibles para dar cabida ás necesidades e intereses individuais, tendo en conta os seguintes parámetros:

- Partir do momento evolutivo dos nenos e nenas do grupo, axustando as tarefas ás súas posibilidades de atención e traballo.
- Manter unha secuencia de ritmos e rutinas equilibrada.
- Cubrir as necesidades e intereses do grupo-clase. Reservar un tempo de dedicación aos alumnos que necesiten unha atención individualizada.
- Organizar o tempo de realización das actividades tendo en conta o ritmo do grupo; respectar a alternancia de esforzo, concentración e movemento.
- Aproveitar feitos espontáneos que xurdan ao longo da sesión ou da xornada para incorporalos ás actividades do día de consideralo axeitado
- Adecuar as tarefas que se van realizar á distribución espacial e aos recursos de persoal e materiais cos que conta o centro.

A continuación, preséntase un modelo de organización de xornada escolar dentro das aulas de 5 anos. Trátase dunha planificación esquemática dos tempos en torno aos cales se organizarán as actividades da aula. Faise unha división en cinco sesións, seguindo a organización xeral do Centro. Haberá que ter en conta, por suposto, que esta planificación estará sempre aberta a posibles modificacións ao longo do curso en función das necesidades da aula.

📍 No suposto de **ENSINO SEMIPRESENCIAL** o alumnado de 6º de infantil ademáis do traballo que realizarían de forma presencial na aula, terían habilitada a correspondente aula virtual na que se poñería a disposición do alumnado distintas actividades de reforzo que versarán sobre os contidos traballados na aula así como actividades dixitais que reforcen de forma lúdica o aprendido ao longo do curso.

📍 No suposto de **ENSINO NON PRESENCIAL** dotaríamos ó alumnado de distinto material impreso elaborado polas titoras con actividades nas que se traballen os distintos contidos propostos nesta programación así como outros recursos dixitais para fornecer os contidos educativos.



As titoras comunicaríamos a diario coas familias utilizando o correo electrónico (ó que ten acceso o 100% do alumnado) dando pautas do traballo diario a realizar.

Nesta modalidade de ensino utilizaríamos tamén abalarMobil e a Aula Virtual do centro.

Se dado o caso tódalas familias contaran cos medios suficientes plantexamos o momento das rutinas, tan importantes nesta etapa, coa app Genial.ly.

## 5.-ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

As actividades para acadar os obxectivos programaríanse considerando ao alumnado como protagonista do proceso educativo en tódolos momentos da vida escolar, e ampliando esta actitude educativa ao seu contorno familiar. Procurarás que os nenos e nenas leven a cabo unha serie de accións que lles permitan aprender técnicas e estratexias, ir aprendendo destrezas para desenvolverse autónomamente, asumir normas que rixen as situacións, disfrutar dos xogos e apreciar os valores das cousas que aprende.

As actividades que se propoñen para traballar os contidos expostos anteriormente inclúiranse dentro de proxectos e secuencias didácticas.

Na aula de 5 anos proporánse actividades partindo dos seguintes apartados:

- Dirixidas pola mestra, quen levará a iniciativa na súa elaboración e na metodoloxía con que se realicen. Este tipo de actividades empregaránse principalmente á hora de introducir novos contidos.
- Propostas pola mestra, pero permitindo escoller aos alumnos e alumnas entre diferentes opcións, de acordo cos seus intereses e necesidades.
- De reforzo, destinadas aos alumnos e alumnas que presenten algún tipo de dificultade, e que poderán ir resolvendo coa axuda dos nenos e nenas máis capacitados ou coa intervención directa e individual da mestra se é necesario.



- De ampliación, dirixidas ao alumnado cuxas capacidades lles permitan adquirir un nivel superior de contidos respecto aos que temos programados como básicos na unidade didáctica.
- Libres, onde deixaremos que os alumnos/as que usen a súa iniciativa, a súa autonomía e a súa creatividade para levalas a cabo.

Durante todo o curso haberá unhas actividades de rutina que se executarán ás mesmas horas, preferiblemente á primeira hora da mañá. Como se trata de actividades rutinarias o desexable sería que os nenos e nenas as realizasen cunha mínima intervención da mestra para acadar un maior desenvolvemento da súa autonomía.

Para comezar a traballar nun proxecto ou secuencia didáctica levaráanse a cabo actividades que permitan avaliar o grado de dominio que o grupo presenta sobre o tema proposto e os intereses que éste desperta no alumnado. Levaráanse a cabo **actividades iniciais** do tipo das seguintes:

- Ambientación da aula con motivos relacionados co proxecto.
- Asamblea, conversas e diálogos.
- Listado dos aspectos que xa coñecen e dos que lles gustaría coñecer sobre o tema.
- Observación de bits e láminas motivadoras.
- Lectura de contos, poemas e adiviñas relacionadas co proxecto a traballar.
- Reparto, se o proxecto así o require, da información que se vai buscar na casa.

Unha vez recollidos os intereses, dúbidas e saberes do alumnado será cando se leven a cabo actividades que nos permitan desenvolver o noso proxecto ou secuencia didáctica. A continuación cítanse algunhas das **actividades tipo** que se levarán a cabo nas aulas de 5 anos:

- Buscar información sobre o tema a traballar.
- Presentación de material e información ao resto da clase na asamblea inicial diaria.

- Conversas e postas en común na assemblea inicial diaria sobre os aspectos que van descubrindo sobre o tema.
- Ampliación de vocabulario e explicación do seu significado, de ser o caso.
- Escribir palabras (sempre dacordo ao seu nivel evolutivo; a escritura non ter que ser a convencional) e realizar debuxos.
- Clasificar palabras seguindo diferentes criterios. Comparar palabras.
- Aprender poesías, cancións, rimas, adiviñas, trabalinguas, xogos de palabras.
- Ilustrar textos e contos, recreando personaxes e situacións.
- Realizar actividades impresas de grafomotricidade.
- Copiar palabras e pequenos textos significativos.
- Realizar agrupacións, seriacións e clasificación de obxectos atendendo a unha ou varias características.
- Resolver pequenos problemas matemáticos que formen parte dun aprendizaxe significativo.
- Traballar a numeración e as figuras xeométricas a través de actividades relacionadas co proxecto.
- Facer composicións xeométricas con diferentes materiais.
- Realizar actividades impresas de lóxica-matemática.
- Utilizar diferentes materiais e técnicas plásticas: debuxo; modelado con plastilina e barro; collage, murais; picado, recortado, rasgado; pintura con acuarelas e témperas; coloreado con ceras, rotuladores, tizas, lápices; estampado, estarcido, etc.

Cando o tempo adicado a un proxecto esté chegando ao seu fin, realizaránse unhas actividades de recapitulación que servirán para asentir o aprendido co proxecto ou unidade didáctica e para que quede constancia e memoria do traballo realizado. Sirvan as seguintes como exemplo de **actividades de recapitulación:**

- Realización de murais con recollida de información. Poderán ser individuais, de pequeno grupo ou colectivos.

- Libros colectivos. Poden recoller información ou abordar algún aspecto concreto do tema traballado. Visitas virtuais relacionadas co proxecto traballado
- Exposición oral do tema.
- Libro coas actividades impresas feitas sobre o proxecto cando se remate éste

## 6.-CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS DE EDUCACIÓN INFANTIL AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Para desenvolver as competencias traballaremos sobre todo por proxectos e propoñendo tarefas e retos que inciten aos alumnos e alumnas a mobilizar os seus coñecementos e habilidades tratando de achegar a escola á vida diaria, empregando un enfoque globalizador e partindo dos intereses do alumnado, das súas experiencias e coñecementos previos.

Na aula de 5 anos procurarase contribuir ao desenvolvemento das competencias básicas, aínda que tamén teremos en conta as competencias clave ás que fai referencia a LOMCE.

### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:**

- Levando a cabo actividades de expresión oral como realizar asambleas, contar e dramatizar contos, conversar, debatir, cantar...
- Escoitando e lendo contos, imaxinando historias, situacións e personaxes.
- Desenvolvendo actividades motivadoras que inciten ao alumnado a falar, ler e escribir, expresarse creativamente e estruturar o seu discurso.
- Facilitando o coñecemento de diferentes formas de expresión oral e escrita (teatro, poesía, cartas, correo electrónico,...) coas súas características formais diferenciadas e o disfrute deste coñecemento.

### **COMPETENCIA MATEMÁTICA:**

- Procurando o desenvolvemento de habilidades de percepción: observar, escoitar, recoñecer....

- Fomentando o desenvolvemento da capacidade de razoar, resolver problemas, comunicar...
- Realizando actividades nas que disfrutan e aprendan matemáticas en situacións reais: medindo, pesando...
- Fomentando a resolución de problemas cotiás mediante razoamentos matemáticos.
- Promovendo a identificación de números e cantidades en obxectos do contorno, por exemplo o calendario.
- Poñendo ao alumnado en situación de describir características e propiedades de obxectos cotiás.

### **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO**

- Facilitando a observación e exploración do contorno físico-social máis próximo e establecendo relacións entre a propia actuación e as consecuencias que dela derivan.
- Planificando actividades de investigación, formulación, comprobación de hipótesis...
- Posibilitando que os nenos e nenas aprendan formulando e respondendo preguntas, interpretando feitos, expresando opinión, contrastando opinión...
- Inculcando actitudes de respecto, coidado e agarimo ante o medio natural.

### **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

- Elaborando recursos de aula propios en soportes diversos.
- Iniciándose na utilización da pizarra dixital.
- Usando o ordenador como ferramenta para buscar e atopar información.

### **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ:**

- Mostrando un modelo axeitado nas interaccións sociais (ton de voz, fórmulas de cortesía, comunicación visual, asertividade, etc.).





- Integrando na aula materiais e contidos que promovan a igualdade entre homes e mulleres e a valoración das diferenzas culturais e raciais.
- Organizando actividades e xogos en equipo.
- Posibilitando que todo o alumnado poda manifestar a súa opinión sobre algún tema inculcando o respecto polas opinións alleas.
- Potenciando os xogos cooperativos fronte aos xogos competitivos.

### **COMPETENCIAL CULTURAL E ARTÍSTICA**

- Coñecendo o patrimonio cultural e artístico da comarca.
- Compreendendo e apreciando diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- Considerando como parte do patrimonio do pobo as manifestacións culturais e artísticas.
- Apreciando e gozando coa arte.
- 

### **COMPETENCIA *PARA APRENDER A APRENDER*:**

- Traballando por proxectos que respondan ás necesidades e intereses do alumnado.
- Programando actividades fundamentalmente activas, lúdicas e motivadoras.
- Propoñendo situacións que fagan posible a aprendizaxe por descubrimento.
- Xerando situacións donde os nenos e nenas deban diagnosticar un problema, propoñer posibles solucións, analizar as consecuencias...
- Facendo ao alumando copartícipes do proceso de aprendizaxe.
- Facilitando a participación de todos e todas na elección e realización de actividades e na toma de decisións na aula.

### ***AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL*:**

- Potenciando que realicen por sí mesmos todas aquelas tarefas que sexa posible.
- Deixando constancia da súa evolución e valorando o seu esforzo e iniciativa.



## 7.-RECURSOS

### A) RECURSOS HUMANOS

Nas aulas de 6º de Educación Infantil, ademáis da titora, cóntase co persoal seguinte:

- Especialista de Inglés, que imparte unha sesión semanal.
- Especialista de educación musical que imparte unha sesión semanal.
- Dúas mestras de apoio, unha delas ademáis imparte as sesións de Psicomotricidade. Ambas imparten sesións semanais simultaneamente coa titora.
- Profesora de Relixión Católica, que imparte unha sesión semanal.

### B) RECURSOS MATERIAIS

Os materiais empregados nesta etapa educativa serán diversos e axeitaráanse ás características e necesidades educativas do alumnado.

Estes materiais permitirán a realización de distintas actividades plásticas, grafomotrices, de expresión, xogo simbólico, xogos de lóxica-matemática, de aproximación á lectoescritura, de introducción ao uso das tecnoloxías de información e comunicación. Os materiais organizaráanse tendo en conta os diferentes

recunchos da aula, cada un dos cales contará con materiais que permitan a realización das actividades que a mestra propoña e de aquelas que o alumnado libremente propoña e faga. A aula contará con material non funxible do que os nenos e nenas disfrutarán ao longo do curso e con material funxible de uso común que será aportado polas familias.

Os materiais cos que conta a aula son insuficientes, tendo en conta que na situación actual o ideal sería contar con material de uso exclusivo para cada alumno/a. Tamén resulta claramente insuficiente o espazo co que se conta dentro e fóra da aula.



## 8.- AVALIACIÓN

As características da avaliación en Educación Infantil (global, continua e formativa) permiten ao profesorado desta etapa encamiñar a súa acción educativa facilitándolle ao alumnado cantidade e variedade de experiencias de aprendizaxe, co fin de que cada neno/a alcance o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades de acordo coas súas posibilidades.

Nas aulas de 5 anos realizarase un seguimento ao longo do proceso educativo para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e a evolución de cada neno e nena. Tomando como indicadores de avaliación os obxectivos xerais do ciclo, o seguimento permitirá poñer en relación os obxectivos iniciais propostos coas características e posibilidades de cada alumno e alumna, orientando e reconducindo o proceso de ensino-aprendizaxe.

### C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

#### *ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL*

- Recoñece e representa as principais partes do corpo.
- Emprega o seu corpo como medio de acción e expresión
- Identifica situacións de risco e toma medidas para evitar accidentes.
- Desfruta do xogo como medio de interacción.
- Identifica e controla os sentimentos e emocións propios e recoñece os alleos.
- Acepta as frustracións.
- É capaz de resolver problemas da vida cotiá.

#### *ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO*

- Identifica algúns números, asocia número e cantidade e emprégao na vida cotiá.
- Recoñece o paso do tempo e emprega instrumentos sociais para a súa medida.
- Emprega axeitadamente nocións de relación espacial.
- Recoñece características e funcións vitais dos seres vivos.
- Participa con interese e curiosidade nos proxectos.

- Identifica e recoñece a súa pertenza a grupos sociais como a familia, a escola...
- Adquire hábitos de interacción social
- Recoñece elementos propios da cultura e tradición galega.

#### *ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN*

- Iniciouse no uso da lingua escrita en situacións contextualizadas e reais
- escoita con atención nas situacións de lectura
- Recoñece a lingua escrita como medio de comunicación.
- Explora as posibilidades expresivas e plásticas dos distintos materiais.
- Explora as posibilidades sonoras da voz, o corpo, obxectos, instrumentos musicais...
- Amosa interese pola utilización das TIC.
- Participa con interese en diversas actividades en lingua estranxeira.

#### **D) AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO**

Co fin de analizar e valorar o proceso de ensino e de adaptar progresivamente a intervención educativa ás características e necesidades do alumnado, avaliaráanse os seguintes aspectos:

- A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.
- A coordinación entre os profesionais dun mesmo nivel e a coherencia entre os niveis.
- A regularidade e claridade da relación coas familias e a participación destes no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.
- A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- A adecuación da proposta metodolóxica na contribución e adquisición das competencias básicas.
- A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.



- A actuación da mestra e o seu grao de implicación nas actividades desenvoltas na aula e naquelas propostas polos diferentes equipos do centro.

## E) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

As principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación serán a observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas e nenos e as entrevistas periódicas cas familias ou titores legais.

A observación directa convértese nun instrumento de primeira orde, que permite realizar o seguimento ao longo do proceso educativo, valorando e axustando a intervención educativa en función dos datos obtidos. As entrevistas coas familias, a conversa cos alumnos/as, as situacións de xogo e as producións dos nenos/as permitirán recoller de maneira organizada información individual sobre ese proceso, proporcionando datos globais e pautas de actuación con cada alumno/a.

Para facilitar a recollida de datos anotaránse diariamente nunha axenda os acontecementos máis destacados da xornada escolar.

Co fin de poder avaliar de forma axeitada a planificación didáctica, empregaránse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Avaliación inicial: Nas primeiras semanas do presente curso, por medio de actividades impresas variadas faremos unha avaliación inicial.
- Rexistro de observación: Permitirá facer un seguimento ao longo do curso, tanto de cada alumno/a en particular como do grupo en xeral. Observaránse pautas de actuación e de relación, estilos de traballo, aspectos que espertan o seu interese, etc. Para facilitar a recollida de datos rexistraránse diariamente nunha axenda os acontecementos máis relevantes da xornada escolar.
- Avaliación por proxectos de traballo e secuencias didácticas: Permite rexistrar as aprendizaxes alcanzadas polo alumnado en cada proxecto.
- Avaliación trimestral e boletíns trimestrais para a familia: Recollerá todas aquelas aprendizaxes consideradas significativas e básicas que o

alumno/a debe conseguir. Os boletíns elaboraránse de acordo co resto do profesorado do nivel, partindo dos ítems propostos no XADE e seleccionando aqueles que se consideren máis significativos.

- Informe final do curso: Ao rematar o curso elaboraráse un informe final para cada alumno/a, a partir dos datos obtidos a través da avaliación continua.

## 9.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A programación de aula debe dar unha resposta axeitada ás necesidades de todo o grupo-clase. Con este obxectivo iránse realizando axustes no proceso de aprendizaxe, de modo que cada neno ou nena poida conseguir os obxectivos participando da dinámica xeral da aula.

A atención á diversidade non só vai dirixida ó alumnado que mostra dificultades destacables de aprendizaxe. Todos os alumnos e alumnas presentan diferenzas, xa sexa en estilos de aprendizaxe, en niveis de maduración, en intereses, etc.

As medidas adoptadas deben ser unha resposta a todos e cada un dos alumnos e alumnas e teñen que ser respectuosas coas súas características persoais.

Partindo destas premisas, e para cumprir coa atención á diversidade teránse en conta os aspectos seguintes:

- Propostas de actividades cos diversos graos de realización (ampliación e reforzo).
- Diversidade de actividades para traballar un mesmo contido.
- Actividades opcionais.
- Actividades que teñan aplicación na vida cotiá.
- Diferentes tipos de agrupamentos na resolución das actividades.
- Propostas que favorezan a expresión directa, a reflexión e a comunicación.
- Contidos de aprendizaxe tratados de forma globalizada.

- Propostas de avaliación inicial ante un novo proceso de ensino-aprendizaxe. Utilización de procedementos e instrumentos de avaliación variados e diversos (cuestionarios, entrevistas, observación sistemática, probas obxectivas).

### **Plan de reforzo e recuperación**

Teremos en conta unha serie de medidas destinadas a aquel alumnado que precise de estratexias complementarias ás utilizadas habitualmente para lograr, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Adquirir as competencias básicas e os obxectivos de etapa
- Adaptarnos ó ritmo de aprendizaxe do alumno/a
- Proporcionar unha atención máis individualizada
- Facilitar o logro de aprendizaxes significativas
- Reforzar a súa autoestima persoal e social

### **Alumnos con neae**

A este respecto cabe destacar que na aula de 6º de Educación Infantil A, no momento actual, non hai ningún alumno/a que presente nee.

Na aula de 6º B hai un alumno con TEL e outro con moitas dificultades de aprendizaxe

## **10.-RELACIÓN COAS FAMILIAS E O CONTORNO**

### ***Relación coas familias:***

A educación infantil é unha tarefa compartida entre pais e educadores co fin de levar a cabo accións conxuntas intencionadamente educativas. A familia desempeña un papel fundamental no desenvolvemento do neno/a. Neste sentido, a escola comparte coa familia esta labor educativa completando e ampliando as súas experiencias formativas. Así pois, dende as aulas de 6º de Educación Infantil cooperarase estreitamente coas familias mediante diversas vías:

- Establecendo contacto con eles a través de reunións periódicas.



- Atendendo ás familias en entrevistas individuais que se farán a requerimento destas ou cando a mestra o considere oportuno. (O horario de atención ás familias é os martes de 17:00 a 18:00).
- Intentando xerar un clima de confianza e respecto mutuos, que potencie a comunicación entre familias e escola.
- Informando dos obxectivos fundamentais que se queren acadar durante o curso, dialogando sobre a axuda que as familias poderán prestar para a consecución de ditos obxectivos.
- Informando dos contidos básicos que vai traballando o alumnado, así como suxerindo orientacións sinxelas para reforzalos.
- Facéndoos partícipes dalgúns aspectos da organización da aula e da realización de determinadas actividades de aprendizaxe.
- Solicitando a súa colaboración no desenvolvemento de propostas concretas.
- Participando activamente no traballo por proxectos.
- Enviando material da aula a casa para que se traballe sobre él: libros de lectura, libros colectivos, libretas viaxeiras...
- Mantendo contacto mediante pequenas notas que se levarán na cartucheira destinada a tal fin.
- Enviando ao final de cada trimestre un informe de avaliación no que se recollerán todas aquelas aprendizaxes consideradas significativas e básicas e explicando o avance do neno e nena, as dificultades atopadas e os logros acadados.

### ***Relación co contorno:***

En canto á apertura ao contorno, a aula, igual que o centro, estará aberta a participar naquelas actividades que o Concello propoña, sempre e cando se poidan realizar dende o centro educativo para evitar os desprazamentos.